

# Preguntas frecuentes sobre as sociedades laborais

---

xuño 2020



**XUNTA  
DE GALICIA**

**INSTRUCCIÓN:** facendo clic nalgunha das preguntas que aparece a continuación, poderá acceder directamente á resposta. Tras consultar a resposta, poderá volver ao inicio, premendo sobre o texto **“Volver ao inicio”** que hai ao final de cada follas.

CATEGORÍA	PERSOAS SOCIAS E NON SOCIAS TRABALLADORAS
Pregunta n.º 01	<i>Tres persoas queren asociarse para crear unha empresa coa cualificación de sociedade laboral pero non teñen prevista a contratación de persoal a curto prazo, é preciso contratar persoas traballadoras por conta allea que non sexan socias para cumprir coas limitacións de horas ao ano traballadas?</i>
Pregunta n.º 02	<i>Un matrimonio e o seu fillo maior de idade teñen previsto constituír unha sociedade laboral, o feito de que pertencen ao mesmo núcleo familiar supón algún impedimento para a súa creación? Existe algunha particularidade?</i>
Pregunta n.º 03	<i>Unha sociedade laboral ten empregada a unha traballadora por conta allea desde hai máis de 3 anos, existe algunha obrigaón de ofrecerlle a condición de socia traballadora?</i>
Pregunta n.º 04	<i>Nunha sociedade laboral formada por tres persoas socias traballadoras, no caso de cesamento ou xubilación dunha persoa socia, hai posibilidade de venderlles as participacións ás outras dúas persoas socias?</i>
Pregunta n.º 05	<i>Nunha sociedade laboral, unha persoa traballadora non socia con contrato indefinido vai obter a condición de persoa socia, que alternativas existen para que a persoa interesada adquira esta condición?</i>
Pregunta n.º 06	<i>Nunha sociedade laboral, teñen a previsión de contratar por tempo indefinido a dúas persoas a tempo parcial, computan para o cálculo do límite de horas ao ano traballadas?</i>
CATEGORÍA	ÓRGANOS SOCIAIS
Pregunta n.º 07	<i>Como se toman as decisións nunha sociedade laboral?</i>
CATEGORÍA	RÉXIME FISCAL E DE COTIZACIÓN
Pregunta n.º 08	<i>Unha sociedade laboral esta valorando a posibilidade de incluír unha nova persoa socia traballadora, en que réxime da Seguridade Social cotizaría?</i>
Pregunta n.º 09	<i>Un grupo de persoas están valorando as diferentes alternativas para crear a súa empresa, as sociedades laborais dispoñen dalgún tipo de beneficio fiscal en comparación coas demais alternativas?</i>
CATEGORÍA	PERDA DE CUALIFICACIÓN
Pregunta n.º 10	<i>Nun período curto de tempo, vanse producir diferentes cambios entre o persoal socio traballador e o non socio, en que situacións se podería perder a cualificación como sociedade laboral? Existe algún prazo para normalizar a situación?</i>

CATEGORÍA	PERSOAS SOCIAS E NON SOCIAS TRABALLADORAS
<b>Pregunta n.º 01:</b>	<i>Tres persoas queren asociarse para crear unha empresa coa cualificación de sociedade laboral pero non teñen prevista a contratación de persoal a curto prazo, é preciso contratar persoas traballadoras por conta allea que non sexan socias para cumprir coas limitacións de horas ao ano traballadas?</i>
<b>Resposta:</b>	Non, a actividade dunha sociedade laboral pódese desenvolver só polas súas persoas socias traballadoras, sen necesidade de contratar persoal por conta allea. Con todo, no momento no que se produzan contratacións por tempo indefinido de persoas non socias, débese ter en conta que o número anual de horas realizadas polas persoas traballadoras indefinidas ten que ser inferior ao 49 % das horas ao ano realizadas polo conxunto das persoas socias traballadoras. Non computará para o cálculo deste límite o traballo realizado polas persoas traballadoras con discapacidade de calquera clase en grao igual ou superior a 33%.
<b>Data da resposta:</b>	08/06/20
<b>Normativa:</b>	Lei 44/2015, de 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas. Artigo 1

CATEGORÍA	PERSOAS SOCIAS E NON SOCIAS TRABALLADORAS
<b>Pregunta n.º 02:</b>	<i>Un matrimonio e o seu fillo maior de idade teñen previsto constituír unha sociedade laboral, o feito de que pertencen ao mesmo núcleo familiar supón algún impedimento para a súa creación? Existe algunha particularidade?</i>
<b>Resposta:</b>	Non existe prohibición ningunha para constituír unha sociedade laboral con persoas socias traballadoras pertencentes ao mesmo núcleo familiar.  A particularidade é que, se entre as persoas socias traballadoras hai familiares ata segundo grao, incluído o cónxuxe, e que convivan, e entre eles alcanzan polo menos o 50 % do capital social, deberán encadrarse no réxime especial de persoas traballadoras autónomas.
<b>Data da resposta:</b>	08/06/20
<b>Normativa:</b>	Lei 44/2015, de 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas. Disposición adicional 27 bis.  Texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

[Volver ao inicio](#)

<b>CATEGORÍA</b>	<b>PERSOAS SOCIAS E NON SOCIAS TRABALLADORAS</b>
<b>Pregunta n.º 03:</b>	<i>Unha sociedade laboral ten empregada a unha traballadora por conta allea desde hai máis de 3 anos, existe algunha obrigaón de ofrecerlle a condición de socia traballadora?</i>
<b>Resposta:</b>	Non se establece obriga legal ningunha de ofrecer a condición de persoa socia ao persoal por conta allea da propia sociedade.
<b>Data da resposta:</b>	08/06/20
<b>Normativa:</b>	Lei 44/2015, de 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas. Artigo 19

<b>CATEGORÍA</b>	<b>PERSOAS SOCIAS E NON SOCIAS TRABALLADORAS</b>
<b>Pregunta n.º 04:</b>	<i>Nunha sociedade laboral formada por tres persoas socias traballadoras, no caso de cesamento ou xubilación dunha persoa socia, hai posibilidade de venderlles as participacións ás outras dúas persoas socias?</i>
<b>Resposta:</b>	<p>A venda das participacións poderá transmitirse libremente entre persoas socias traballadoras e persoas traballadoras non socias, salvo que os estatutos establezan outra cousa. Nos demais casos a Lei de Sociedades Laborais establece o seguinte dereito de adquisición preferente:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Persoas traballadoras indefinidas non socias</li> <li>2. Persoas socias traballadoras</li> <li>3. Persoas socias de clase xeral</li> <li>4. Sociedade</li> </ol> <p>Cómpre ter en conta, ademais, que non se poden superar os límites establecidos para o capital, como, por exemplo, que a maioría debe estar en mans de persoas traballadoras ou que ningunha persoa socia pode ter máis dun terzo do capital. O límite de que ningunha persoa socia pode ter máis dun terzo do capital implica que o número mínimo de persoas socias é de tres, salvo no momento de constitución, xa que as sociedades laborais pódense constituír con dúas persoas socias traballadoras, situación que se debe regularizar aos 36 meses incorporando a unha nova persoa socia.</p> <p>Neste caso concreto, non se poden vender as participacións ou accións ás outras persoas socias traballadoras porque estas superarían o límite máximo dun terzo do capital social. Polo que habería tres opcións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Venderllas a outra persoa non socia.</b></li> <li>• <b>Transformar as participacións ou accións de clase laboral nunhas de clase xeral</b>, polo que a persoa que se xubila podería ou quedarse con elas ou venderllas libremente a unha terceira persoa.</li> <li>• <b>Transmitirlas á propia sociedade.</b> A adquisición por parte da sociedade das súas propias participacións ou accións farase con cargo aos beneficios ou as reservas. Neste caso en concreto, a sociedade terá un prazo máximo de 3 anos para vender as participacións a favor das súas persoas traballadoras con contrato indefinido.</li> </ul>
<b>Data da resposta:</b>	08/06/20
<b>Normativa:</b>	Lei 44/2015, de 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas. Artigos 1, 6 e 12.

[Volver ao inicio](#)

<b>CATEGORÍA</b>	<b>PERSOAS SOCIAS E NON SOCIAS TRABALLADORAS</b>
<b>Pregunta n.º 05:</b>	<i>Nunha sociedade laboral, unha persoa traballadora non socia con contrato indefinido vai obter a condición de persoa socia, que alternativas existen para que a persoa interesada adquira esta condición?</i>
<b>Resposta:</b>	<p>A condición de persoa socia nunha sociedade laboral obtense coa adquisición dunha parte do capital social, sexa a través de accións ou participacións. Para obter a condición de persoa socia existen as seguintes alternativas:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Que unha persoa socia ou varias lle transmitan de forma voluntaria parte das súas accións ou participacións.</li> <li>Que se acorde unha ampliación de capital. Neste caso, establécese un dereito de subscripción preferente desas novas accións ou participacións por parte das persoas socias, mais, a Xunta Xeral que tome a decisión pode establecer que aquelas non subscritas ou asumidas polas persoas socias se lle ofrezan ás persoas traballadoras con contrato indefinido.</li> </ol>
<b>Data da resposta:</b>	08/06/20
<b>Normativa:</b>	Lei 44/2015, de 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas. Artigos 6 e 11.

<b>CATEGORÍA</b>	<b>PERSOAS SOCIAS E NON SOCIAS TRABALLADORAS</b>
<b>Pregunta n.º 06:</b>	<i>Nunha sociedade laboral, teñen a previsión de contratar por tempo indefinido a dúas persoas a tempo parcial, computan para o cálculo do límite de horas ao ano traballadas?</i>
<b>Resposta:</b>	<p>Computan tanto as persoas socias traballadoras como as persoas traballadoras non socias con contratos indefinidos, tanto a tempo parcial como a tempo completo. Á hora de facer os cálculos débense ter en conta as horas traballadas por estes colectivos. Que estean a tempo parcial non os exime de telos en conta.</p> <p>O único colectivo que non computaría para o cálculo deste límite son as persoas traballadoras con discapacidade en grao igual ou superior ao 33 %.</p>
<b>Data da resposta:</b>	08/06/20
<b>Normativa:</b>	Lei 44/2015, de 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas. Artigo 1

[Volver ao inicio](#)

CATEGORÍA	ÓRGANOS SOCIAIS
<b>Pregunta n.º 07:</b>	<b><i>Como se toman as decisións nunha sociedade laboral?</i></b>
<b>Resposta:</b>	<p>Se nos centramos nos <u>órganos sociais</u>:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• As principais decisións tómanse na Xunta Xeral.</li> <li>• A xestión e a representación da sociedade é realizada polo órgano de administración. A sociedade pode optar polas seguintes modalidades de organizar a administración:           <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <u>Sociedade Anónima Laboral</u>: administrador único, dous administradores mancomunados ou consello de administración.</li> <li>○ <u>Sociedades Limitadas Laboral</u>: administrador único, varios administradores solidarios ou mancomunados ou un consello de administración.</li> </ul> </li> </ul> <p>Se falamos da <u>organización estrutural e laboral da sociedade</u>, os órganos sociais vistos no apartado anterior deben aprobar unha <b>organización interna</b> na que se establecerían as competencias e as responsabilidades de cada persoa da organización e o organigrama social.</p>
<b>Data da resposta:</b>	08/06/20
<b>Normativa:</b>	<p>Lei 44/2015, de 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas.</p> <p>Artigo 210, (RDL, 1/2010) Texto refundido de la Lei de sociedades de capital.</p>

CATEGORÍA	RÉXIME FISCAL E DE COTIZACIÓN
<b>Pregunta n.º 08:</b>	<b><i>Unha sociedade laboral esta valorando a posibilidade de incluír unha nova persoa socia traballadora, en que réxime da Seguridade Social cotizaría?</i></b>
<b>Resposta:</b>	<p>Como norma xeral, as persoas socias traballadoras das sociedades laborais encádranse dentro do Réxime Xeral da Seguridade Social.</p> <p>As únicas persoas que terían que cotizar ao réxime especial de traballadoras autónomas serían os familiares ata segundo grado, incluído o cónxuxe, que convivan, e que sumen entre eles, polo menos, o 50 % do capital social.</p>
<b>Data da resposta:</b>	08/06/20
<b>Normativa:</b>	<p>Lei 44/2015, de 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas. Artigo 136.2 apartados d e f.</p> <p>Texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social. Artigo 305.2.e</p>

[Volver ao inicio](#)

<b>CATEGORÍA</b>	<b>RÉXIME FISCAL E DE COTIZACIÓN</b>
<b>Pregunta n.º 09:</b>	<i>Un grupo de persoas están valorando as diferentes alternativas para crear a súa empresa, as sociedades laborais dispoñen dalgún tipo de beneficio fiscal en comparación coas demais alternativas?</i>
<b>Resposta:</b>	De forma específica, as sociedades laborais teñen unha bonificación do 99 % do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados que se devindique pola modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, pola adquisición, por calquera medio admitido en dereito, de bens e dereitos provenientes da empresa da que proceda a maioría das persoas socias traballadoras.  Ademais como empresa e sociedade de capital que é, podería optar a calquera outro beneficio fiscal que se estableza para este tipo de organizacións.
<b>Data da resposta:</b>	08/06/20
<b>Normativa:</b>	Lei 44/2015, de 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas. Artigo 17

<b>CATEGORÍA</b>	<b>PERDA DE CUALIFICACIÓN</b>
<b>Pregunta n.º 10:</b>	<i>Nun período curto de tempo, vanse producir diferentes cambios entre o persoal socio traballador e o non socio, en que situacións se podería perder a cualificación como sociedade laboral? Existe algún prazo para normalizar a situación?</i>
<b>Resposta:</b>	Perderase a cualificación se se dan os casos establecidos no artigo 15 da Lei de sociedades laborais, entre eles, os seguintes: <ol style="list-style-type: none"> <li>Non respectar o límite de que a maioría do capital estea en mans de persoas socias traballadoras.</li> <li>Non respectar os límites máximos de posesión de accións ou participacións sociais por persoa.</li> <li>Non respectar o límite de horas traballadas ao ano por persoas traballadoras por conta allea con contratos indefinidos.</li> <li>A non comunicación no prazo dun mes, ao Rexistro de Sociedades Laborais, das situacións expostas nos apartados anteriores.</li> </ol> No caso de incumprimento, a lei de sociedades laborais establece os seguintes prazos para reverter a situación: <ul style="list-style-type: none"> <li>Primeiro, debese comunicar ao Rexistro de Sociedades Laborais a nova situación no prazo máximo dun mes.</li> <li>Nos casos dos apartados a) e b), a sociedade estará obrigada a acomodar á lei a situación das persoas socias no prazo de 18 meses a contar desde o primeiro incumprimento.</li> <li>No caso c), o prazo para reverter a situación de legalidade é de 12 meses, pero a Administración pode conceder, ata un máximo de dúas prorrogas, cun máximo de 12 meses cada unha. No caso de que o incumprimento se debese á subrogación de traballadores por obriga legal ou convencional, o prazo para adecuar a situación será de 36 meses.</li> </ul>
<b>Data da resposta:</b>	08/06/20
<b>Normativa:</b>	Lei 44/2015, de 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas. Artigo 1 e 15.

[Volver ao inicio](#)



[info@eusumo.gal](mailto:info@eusumo.gal) | [www.eusumo.gal](http://www.eusumo.gal)